



ASOCIACIÓN VIEIRO

COÑÉZOME

Curso de educación afectivo-sexual para alumnado de 5º e 6º de
Educación Primaria

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

A educación afectivo-sexual representa un aspecto de gran importancia na formación integral de nenos e nenas, porque vai máis alá do coñecemento puramente biolóxico e explica procesos transcendentais coma a construción da identidade de xénero ou as relacións afectivas no ámbito da nosa cultura. A educación afectiva-sexual é hoxe unha demanda social, baseada nos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes a ser informados sobre este tema.

A pubertade é o nome que recibe a época na que se comezan a desenvolverse e cando o seu corpo pasa por cambios que o converten de neno/a a adulto/a.

Ademais esta etapa da nenez á adultez está chea tamén de cambios en todos os ámbitos da vida. Por isto, neste intre de transición, é moi importante reflexionar acerca da igualdade de xénero para eliminar os estereotipos relacionados co xénero e previr situacións de discriminación no futuro.

Os estereotipos constrúense durante a infancia mediante a experiencia, o modelado e a observación, xa sexa nas interaccións entre persoas, nos libros, medios de comunicación, na rede, etc. Ao promover valores libres de estereotipos de xénero, facilita que o alumnado desenvolva o seu proxecto vital sen condicionamentos. Dende a liberdade e diversidade de opción.

Por outra banda, a maioría dos adolescentes teñen a súa disposición un dispositivo con acceso a internet, implicando que se non se usa responsablemente, pode entrañar moitos riscos, coma o acceso a contidos inapropiados para a súa idade, a suplantación de identidade, ciberacoso ou sexting, entre outros.

Esta fácil accesibilidade é o que motiva a informar acerca de todos os perigos da rede, e previr certas situacións daniñas nos menores de idade fomentando un uso responsable e o respecto pola intimidade propia e allea.

“*Coñézome*” consta de catro sesións divididas en dous bloques: un primeiro bloque no que se traballa a igualdade de xénero e os estereotipos e roles que desempeñan as



ASOCIACIÓN VIEIRO

mulleres e os homes na sociedade; mentres que no segundo bloque se fala sobre o amor romántico e a violencia de xénero.

2.- OBXECTIVOS

- Coñecer os cambios do corpo da nenez á adolescencia.
- Diferenciar as partes do corpo entre os nenos e nenas.
- Previr os estereotipos de xénero.
- Debater sobre os roles de xénero e as súas consecuencias nas diferentes áreas da vida.
- Fomentar a liberdade na toma de decisións, sen deixarse levar polas opinións dos demais.
- Coñecer os riscos que conlevan as novas tecnoloxías, especialmente relacionados coa difusión de contidos.
- Informar acerca das consecuencias do sexting.
- Previr a aparición de situacións futuras relacionadas co ciberacoso, sexting ou sextorsión no alumnado.
- Reflexionar sobre os motivos que incitan aos adolescentes a ter conductas prexudiciais na rede.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria do programa é o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.

4.- METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada é activa, participativa e dinámica, baseada no modelo participativo.



ASOCIACIÓN VIEIRO

O curso contén actividades interactivas, tales como dinámicas, debates, vídeos e actividades en grupo para favorecer o intercambio de ideas, a participación e o afianzamento de contidos.

5.- CONTIDOS

O curso está composto por 3 obradoiros:

- Coñecemento do corpo
- Igualdade
- Riscos das novas tecnoloxías

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centros de Educación Primaria

7.- DURACIÓN

O curso está composto por un total de 3 sesións de 50 minutos de duración cada unha.